



## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

**ASUNTO:** EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDISO E SALVAMENTO.

**EXPEDIENTE:** 130/2024

### Antecedentes:

1. No Diario Oficial de Galicia nº 45, de data 07-03-2011, publícase o DECRETO 36/2011, de 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

2. Segundo se sinala no artigo 3º dos seus Estatutos, o Consorcio ten a condición de entidade local non territorial, con carácter administrativo e personalidade xurídica propia e independente dos entes consorciados, así como capacidade xurídica para o cumprimento dos fins estatutarios e contará con patrimonio propio.

3. O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, inicia a súa actividade o 1 de xaneiro de 2012, coa integración no Consorcio Provincial dos consorcios comarcais de O Salnés, de O Morrazo e de O Baixo Miño-Condado-Louriña adxuntando os medios técnicos e os recursos cos que contaban, segundo se recolle na Disposición transitoria primeira dos Estatutos.

4. As Administracións Públicas, e, entre elas, as Entidades Locais, están obrigadas a protexer e defender o seu patrimonio. No ámbito da administración local, ao que remite o artigo 26 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, o artigo 86 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local establece que "*Las Entidades locales están obligadas a formar inventario valorado de todos los bienes y derechos que les pertenecen .../...*", manifestándose en termos semellantes o artigo 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o artigo 17 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

Os citados artigos obrigan ao Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento a formar o inventario de tódolos seus ben e dereitos.

Por outra parte, a Instrucción do modelo normal de contabilidade local, aprobado mediante a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, esixe o rexistro de tódalas operacións patrimoniais que se produzan no ámbito da entidade contable, así como mostrar a través dos seus estados e informes a imaxe fiel do seu patrimonio.





5. O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non conta con persoal cualificado para o desenvolvemento das actuacións previstas na normativa sinalada, polo que comprende recorrer a medios externos mediante os mecanismos de contratación pública de acordo coa lexislación vixente.

6. En base ao sinalado, a Xerencia conxuntamente con Secretaría-Intervención, en cumprimento do artigo 116.4 en concordancia co artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e o artigo 16.2.f) dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, formulan memoria xustificativa da necesidade da contratación da asistencia técnica para a elaboración do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

7. Incorpóranse ao expediente sendos informes emitidos pola secretaria-interventora sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar e en relación á lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

8. A Presidencia, mediante Resolución de data 12-08-2024, nº 2024-0119, RESOLVE:

*“1º.- A celebración deste contrato, que responde á necesidade de dotar ao Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento do inventario de bens e dereitos que integran o seu patrimonio; segundo se regula na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Instrución do modelo normal de contabilidade local, aprobado mediante a Orde HAP/1781/2013.*

*2º.- Iniciar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co disposto no artigo 159.1 da LCSP, do servizo de asistencia técnica de elaboración do inventario de bens e dereitos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.*

*3º.- Ordenar a redacción dos prego de cláusulas económico-administrativas particulares e o prego de prelacións técnicas que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.*

*4º.- Que pola secretaria-interventora se faga a retención de crédito, coa acreditación da existencia de crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización do gasto.*

*5º.- De ser favorable a fiscalización, que se emita informe-proposta de Secretaría-Intervención respecto diso.”*

## Fundamentos legais:





**Primeiro.** Os contratos que celebren as Administracións Públicas adxudicaranse con arranxo ás normas da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo.** Son contratos de servizos, segundo determina o artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto de unha obra ou subministro.

**Terceiro.** Segundo sinala o artigo 131.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación realizarase, ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

Ao abeiro do artigo 159.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun **procedemento aberto simplificado** nos contratos de servizos cando se cumpran as dúas condicións seguintes:

a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior *ás cantidades establecidas nos artigos 21.1, letra a), e 22.1, letra a), da LCSP, respectivamente, ou ás súas correspondentes actualizacións (valor estimado 139.000,00 € para os contratos de servizos).*

b) Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non supere o vinte e cinco por cento do total, salvo no caso de que o contrato teña por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñaría e arquitectura, en que a súa ponderación non poderá superar o corenta e cinco por cento do total.

**Cuarto.** O artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, regula a iniciación e contido dos expedientes de contratación, sinalando o artigo 117 do devandito texto legal que completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Dadas as características do contrato proposto e visto que se trata dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, considerouse como procedemento máis adecuado para a súa adxudicación é o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co disposto nos artigos 145 e 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector





Público, ao cumprir os requisitos esixidos no mesmo.

**Quinto.** Ao abeiro do artigo 14 dos Estatutos do Consorcio Provincial en concordancia coa Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación resulta ser a Presidencia.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar, examinada a documentación que se acompaña e informe-proposta emitido pola secretaria-interventora; esta Presidencia de conformidade co establecido no artigo 14 dos Estatutos e a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, RESOLVE:

**1º.** Aprobar o expediente para a contratación do servizo de asistencia técnica de elaboración do inventario de bens e dereitos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, conforme as prescricións establecidas nos Pregos de Prescricións Técnicas e no Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares, mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co disposto nos artigos 145 e 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ao concorrer as condicións requiridas no devandito artigo e acadar maior axilidade na resolución deste procedemento; sendo a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Consorcio; convocando a súa licitación.

**2º.** Aprobar o gasto que supón esta contratación, que ascende a 24.359,66 €, con cargo á aplicación orzamentaria 933.22706 de gastos do Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, na que existe crédito adecuado e suficiente:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (IVE engadido)
2024	933.22706	24.359,66 €

**3º.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán nesta contratación.

**4º.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.





**5º.** Publicar no perfil de contratante a memoria xustificativa do contrato, resolución de aprobación do expediente, Pregos de Cláusulas Económico-Administrativo e de Prescricións Técnicas; tendo en conta que a documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

Manda e asina o Sr. presidente D. Luis López Diéguez, e asina coa Sra. secretaria-interventora M.<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

